


**REUNIÓN DA COMISIÓN 1ª,
INSTITUCIONAL, DE ADMINISTRACIÓN
XERAL, XUSTIZA E INTERIOR**

Día: 05.09.2018

Hora: 10:30



A Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior, da que vostede forma parte, reunirase o próximo día 5 de setembro de 2018, ás 10.30 horas, no pazo do Parlamento.

A orde do día é a seguinte :


Punto 1. Preguntas

- 1.1 33228 (10/POC-005193)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 3 máis
Sobre as razóns do asolagamento padecido nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña tras as as choivas rexistradas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018, a asunción de responsabilidades pola súa afección nun edificio construído recentemente e as previsións respecto da dotación dos medios necesarios para a recuperación dos documentos e a súa custodia ordinaria
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.2 33237 (10/POC-005194)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Rodil Fernández, Olalla e 5 máis
Sobre as previsións do Goberno galego respecto do estudo da posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade de Lugo
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018
- 1.3 33347 (10/POC-005205)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis
Sobre o posible carácter prioritario para o Goberno galego da atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais segundo o reflectido especificamente na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as razóns da temporalidade dos contratos asinados inicialmente para a prestación dese servizo e as previsións ao respecto
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 338, do 19.07.2018

- 1.4 33837 (10/POC-005310)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 10 máis
Sobre as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia a prol do asociacionismo veciñal en Galicia
Publicación iniciativa vía urxencia, BOPG n.º 344, do 01.08.2018

Punto 2. Proposicións non de lei

- 2.1 31576 (10/PNC-002556)
Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis
Sobre a recuperación pola Xunta de Galicia das negociacións coas organizacións sindicais para o establecemento dun acordo respecto das condicións laborais dos axentes forestais e medioambientais, así como a dotación nas relacións de postos de traballo de cada distrito forestal dos medios humanos necesarios para a investigación dos incendios forestais
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 316, do 06.06.2018
- 2.2 32303 (10/PNC-002631)
Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis
Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 2.3 32347 (10/PNC-002636)
Grupo Parlamentario de En Marea
Villares Naveira, Luis e 2 máis
Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reclasificación da categoría profesional de tradutor/traductora intérprete da Administración de xustiza do grupo III, categoría 52, e a súa inclusión dentro do grupo I
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 323, do 20.06.2018
- 2.4 32913 (10/PNC-002692)
Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Prado del Río, Paula e 7 máis
Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións necesarias na lexislación estatal para garantir a corresponsabilidade parental e as relacións familiares dos fillos con ambos



proxenitores nos casos de cesamento da convivencia
Publicación da iniciativa, BOPG n.º 331, do 04.07.2018

Os grupos parlamentarios poderán presentar emendas ás proposicións non de lei ata seis horas antes do inicio da sesión, o abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento.

O que lle comunico para o seu coñecemento e a súa convocatoria á devandita reunión.

Santiago de Compostela, 30 de agosto de 2018

César Manuel Fernández Gil

Presidente da Comisión

Asinado dixitalmente por:

Cesar Manuel Fernández Gil, na data 31/08/2018 09:48:40

**RELACIÓN DE MEMBROS DE
COMISIÓN 1ª, INSTITUCIONAL, DE
ADMINISTRACIÓN XERAL, XUSTIZA E INTERIOR
POR ORDE ALFABÉTICA**

Mesa

Presidente	
César Manuel Fernández Gil	P
Vicepresidenta	
María Julia Rodríguez Barreira	P
Secretaria	
Patricia Vilán Lorenzo	S

Vogais

Xosé Luís Bará Torres	BNG
Juan Manuel Díaz Villoslada	S
Jacobo Moreira Ferro	P
Antonio Mouriño Villar	P
María Isabel Novo Fariña	P
José Alberto Pazos Couñago	P
Paula Prado del Río	P
Carmen Santos Queiruga	EM
Luis Villares Naveira	EM

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1. Preguntas

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.1 33228(10/POC-005193)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 3 máis

Sobre as razóns do asolagamento padecido nas dependencias do Arquivo Provincial da Coruña tras as as choivas rexistradas os días 30 de xuño e 1 de xullo de 2018, a asunción de responsabilidades pola súa afección nun edificio construído recentemente e as previsións respecto da dotación dos medios necesarios para a recuperación dos documentos e a súa custodia ordinaria

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018

Á MESA DO PARLAMENTO

Luís Villares Naveira, Francisco Casal Vidal, Paula Vázquez Verao e Carmen Santos Queiruga, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario de En Marea**, ao abeiro do artigo 156 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta** para a súa resposta oral na **Comisión 1.ª**

As dependencias do arquivo da Audiencia Provincial da Coruña, a antiga Fábrica de Tabacos, inundáronse despois da tromba de auga caída esta fin de semana en todo o país. Unha das zonas máis afectadas pola tromba foron as dependencias do arquivo xudicial da mesma.

Desde a inauguración das dependencias da Audiencia Provincial da Coruña xa se sabía da posibilidade de inundacións por mor de estar por debaixo do nivel do mar, cousa que facilitou a inundación esta fin de semana na que caeron 40,5 litros de auga por metro cadrado.

Na fin de semana, a empresa encargada das labores de mantemento do edificio xa realizara labores de limpeza, salvo no soto que é onde se gardan os arquivos tanto de expedientes abertos como pechados. Estes ademais de estar enchoupados só contaban ca presenza de dúas persoas que se encargaban de recuperar e limpar e organizar, sen que desde a Dirección Xeral de Xustiza ninguén se presentase e avaliase danos e tomase medidas, cando menos para facilitar máis mans coas que restablecer minimamente a orde.

Dito arquivo está xestionado por 4 persoas, segundo denuncian sindicatos da área de xustiza para un arquivo que da servizo a máis de 30 órganos xudiciais.

Polo exposto, os deputados e as deputadas do Grupo Parlamentario de En Marea, formulan a seguinte Pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1.ª:



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 12:53
Nº Rexistro: 33228
Data envío: 06/07/2018 12:53:52.729



1. Por que un edificio xudicial moderno sofre esta inundación por un fenómeno atmosférico habitual en Galicia?
2. Ninguén vai asumir responsabilidades por uns danos producidos un edificio recen construído?
3. Vaise dotar de medios materiais o arquivo para desenvolver as labores de recuperación de documentos e para a súa custodia ordinaria?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira
Francisco Casal Vidal
Paula Vázquez Verao
Carmen Santos Queiruga
Deputados e deputadas do G.P. de En Marea.

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 06/07/2018 12:49:31

Francisco Casal Vidal na data 06/07/2018 12:49:39

Paula Vázquez Verao na data 06/07/2018 12:49:45

Carmen Santos Queiruga na data 06/07/2018 12:49:49

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.2 33237(10/POC-005194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 5 máis

Sobre as previsións do Goberno galego respecto do estudo da
posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcamento do
edificio multiusos propiedade da Xunta de Galicia na cidade
de Lugo

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:27
Nº Rexistro: 33237
Data envío: 06/07/2018 13:27:00.420

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Luis Bará Torres, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Montserrat Prado Cores e Noa Presas Bergantiños, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Comisión**, sobre a posibilidade de abrir ao público as prazas de aparcadoiro do Edificio Multiusos da Xunta de Galiza na cidade de Lugo.

Recentemente o Concello de Lugo anunciou a apertura ao público, polas tardes, do aparcadoiro que estaba unicamente reservado a persoal do Concello no patio do edificio do antigo Seminario.

Ademais deste espazo de titularidade municipal existen outros espazos que son propiedade do pobo e xestionados por institucións como a Xunta de Galiza ou a Deputación, a Universidade ou outros departamentos estatais.

Desde o BNG instamos as distintas institucións a chegaren a acordos para abrir novos espazos de estacionamento público na cidade, entre os que se atopan as prazas situadas no Multiusos da Xunta, na Ronda da Muralla.

O edificio da Xunta conta cun total de 250 prazas, divido en dous andares. No edificio da Xunta aparcan coches oficiais do organismo pero é evidente que se podería estudar abrir un dos andares igual que se fixo co aparcadoiro do edificio do Seminario.

Aínda que estas prazas de estacionamento, dos edificios da Xunta, do Concello e outros da Deputación, unicamente funcionen polas tardes supoñen unha importante



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:27
Nº Rexistro: 33237
Data envío: 06/07/2018 13:27:00.420

bolsa de prazas que contribuirían a reducir o tráfico en itinerancia que se produce cos vehículos que circulan en búsqueda de estacionamento.

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral en comisión:

- Pensa a Xunta de Galiza estudar a posibilidade de abrir ao público os aparcadoiros do Edificio Multiusos na cidade de Lugo para que a veciñanza poida usalos e así reducir o tráfico en itinerancia mellorando a mobilidade?

- En caso contrario, por que razón non o fará?

- En caso afirmativo, en que horarios?

Santiago de Compostela, 6 de xullo de 2018

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

Ana Pontón Mondelo

Deputadas e deputados do G.P. do BNG



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 06/07/2018 13:27
Nº Rexistro: 33237

Data envío: 06/07/2018 13:27:00.420

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 06/07/2018 13:23:30

María Montserrat Prado Cores na data 06/07/2018 13:23:36

Ana Pontón Mondelo na data 06/07/2018 13:23:38

Xose Luis Rivas Cruz na data 06/07/2018 13:23:40

Noa Presas Bergantiños na data 06/07/2018 13:23:41

Xosé Luis Bará Torres na data 06/07/2018 13:23:43

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.3 33347(10/POC-005205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Vilán Lorenzo, Patricia e 5 máis

Sobre o posible carácter prioritario para o Goberno galego da atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais segundo o reflectido especificamente na Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero, as razóns da temporalidade dos contratos asinados inicialmente para a prestación dese servizo e as previsións ao respecto

Publicación da iniciativa, 338, 19.07.2018



Á Mesa do Parlamento

Patricia Vilán Lorenzo, María Luisa Pierres López, Julio Torrado Quintela, María Dolores Toja Suárez, Juan Manuel Díaz Villoslada e Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Comisión 1.^a, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

Garantir a protección das vítimas e atendela como corresponde nas dependencias xudiciais ten que ser cuestión prioritaria, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero.

Nas sete principais cidades de Galicia hai abertas 7 oficinas de atención psicolóxica a vítimas de violencia machista. Entre o 24 de novembro e o 31 de decembro de 2017 este servizo cubriuse mediante un convenio entre a Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia, ata que a Consellería decidiu -a finais de 2017- sacar a concurso as 7 prazas e non renovar o convenio de colaboración. A raíz da denuncia deste grupo parlamentario e da súa pregunta rexistrada o 31 de xaneiro, o propio vicepresidente dicía en sede parlamentaria que este servizo comezara a funcionar o día 1 de marzo de 2018.

Efectivamente así foi: revisado o expediente remitido polo Goberno galego despois de pedilo, resulta que os contratos se celebraron inicialmente por un mes e logo cunha prórroga de 6 meses máis, de forma que Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza contratou temporalmente como persoal laboral temporal, na modalidade de acumulación de tarefas, a 7 persoas licenciadas en Psicoloxía, que tomaron posesión do seu cargo o día 1 de marzo, despois de 7 chamamentos telefónicos urxentes.

É dicir, que o convenio co Colexio Oficial de Psicoloxía de Galicia durou escasamente UN MES en 2017, o servizo estivo dous meses



Grupo Parlamentario

baleiro durante 2018 e as vítimas sen atención nas 7 oficinas xudiciais. Esa é a preocupación real do Goberno galego.

Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. É a atención psicolóxica ás vítimas de violencia machista nas dependencias xudiciais unha cuestión prioritaria para o Goberno da Xunta de Galicia, tal e como recolle especificamente a Lei orgánica 1/2004, do 28 de decembro, de medidas de protección integral contra a violencia de xénero?
2. Por que os contratos laborais das 7 persoas licenciadas en Psicoloxía só se celebraron inicialmente por un mes e logo foron prorrogados?
3. Por que os contratos son temporais e por acumulación de tarefas?
4. Cales foron os motivos polos que se lles chamou por teléfono de forma urxente, segundo consta no expediente? Que día se fixeron esas chamadas?
5. Ten intención o Goberno de facer este servizo permanente?

Pazo do Parlamento, 11 de xullo de 2018

Asdo.: Patricia Vilán Lorenzo
María Luisa Pierres López
Julio Torrado Quintela
María Dolores Toja Suárez
Juan Manuel Díaz Villoslada
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Patricia Vilán Lorenzo na data 11/07/2018 13:12:53



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 11/07/2018 13:19
Nº Rexistro: 33347
Data envío: 11/07/2018 13:19:53.381



Grupo Parlamentario

María Luisa Pierres López na data 11/07/2018 13:12:59

Julio Torrado Quintela na data 11/07/2018 13:13:07

María Dolores Toja Suárez na data 11/07/2018 13:13:57

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 11/07/2018 13:14:03

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 11/07/2018 13:14:10

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

1.4 33837(10/POC-005310)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 10 máis

Sobre as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia a
prol do asociacionismo veciñal en Galicia

Publicación iniciativa vía urxencia, 344, 01.08.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:22
Nº Rexistro: 33837
Data envío: 27/07/2018 13:22:03.192

Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, Alberto Pazos Couñago, Jacobo Moreira Ferro, Antonio Mouriño Villar, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Diego Calvo Pouso, Julia Rodríguez Barreira, Raquel Arias Rodríguez, Guadalupe Murillo Solís e Moisés Blanco Paradelo, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto nos artigos 152, 98 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior polo trámite de urxencia**.

Xustificación da Urxencia:

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Parlamento de Galicia se posicione canto antes neste tema.

A Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establece que desde a Xunta de Galicia deberá favorecerse o desenvolvemento das asociacións que se constitúan para a defensa dos intereses xerais ou sectoriais dos veciños e veciñas dos concellos de Galicia, tendo as asociacións que se constitúan con esta finalidade a consideración de entidades de participación cidadá e, xa que logo, erixíndose nun dos elementos clave de vertebración da política e da vida local dos concellos galegos.

As asociacións de veciños estanse a converter nun elemento esencial na relación entre as administracións públicas e a cidadanía. O labor que estas asociacións están a desenvolver facilita a interlocución fluída e produtiva entre administración e administrados, colaborando de xeito decidido en alcanzar un maior grao de participación da cidadanía naquelas decisións que afectan directamente os seus intereses.

A Xunta de Galicia ten amosado interese en contribuír á mellora da calidade da vida local, no marco da súa liña de colaboración coa Administración Local, mediante o estímulo da dinamización da vida interna das asociacións, na procura de ámbitos de convivencia colectiva, de harmonización social e de potenciación dos valores e finalidades socioculturais das organizacións veciñais de Galicia, entendendo que o eido local é o máis acaído para o fomento desta participación, pola súa proximidade co administrado e pola natureza das decisión que en el se adoptan.

Polo exposto, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/07/2018 13:22
Nº Rexistro: 33837
Data envío: 27/07/2018 13:22:03.192

-Cales son as medidas que está a desenvolver a Xunta de Galicia a prol do asociacionismo veciñal en Galicia ?

Santiago de Compostela, 27 de Xullo de 2018.

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado Del Río na data 27/07/2018 13:16:01

Alberto Pazos Couñago na data 27/07/2018 13:16:24

Jacobo Moreira Ferro na data 27/07/2018 13:16:39

Antonio Mouriño Villar na data 27/07/2018 13:17:00

María Isabel Novo Fariña na data 27/07/2018 13:17:24

César Manuel Fernández Gil na data 27/07/2018 13:17:43

Diego Calvo Pouso na data 27/07/2018 13:17:47

María Julia Rodríguez Barreira na data 27/07/2018 13:17:58

Raquel Arias Rodríguez na data 27/07/2018 13:18:23

María Guadalupe Murillo Solís na data 27/07/2018 13:18:52

Moisés Blanco Paradelo na data 27/07/2018 13:19:09

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2. Proposicións non de lei

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.1 31576(10/PNC-002556)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Villoslada, Juan Manuel e 3 máis

Sobre a recuperación pola Xunta de Galicia das negociacións coas organizacións sindicais para o establecemento dun acordo respecto das condicións laborais dos axentes forestais e medioambientais, así como a dotación nas relacións de postos de traballo de cada distrito forestal dos medios humanos necesarios para a investigación dos incendios forestais

Publicación da iniciativa, 316, 06.06.2018



Grupo Parlamentario

Á Mesa do Parlamento

Partido dos
Socialistas
de Galicia

O Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, por iniciativa dos seus deputados e da súa deputada, Juan Manuel Díaz Villoslada, Patricia Vilán Lorenzo, José Antonio Quiroga Díaz e José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa mesa a seguinte proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1ª.

A protección e conservación da natureza e do medio ambiente é unha preocupación esencial da nosa sociedade, unha tarefa prioritaria que require dos poderes públicos a habilitación dos necesarios medios humanos e materiais. O desafío da prevención, extinción e investigación dos incendios forestais de nova xeración e a súa correlación co conxunto das políticas forestais e agrogandeiras en Galicia, intensifican o reto da Xunta de Galicia co seu persoal asignado para estes labores críticos.

Trala creación da primeira escala de Axentes Forestais de Galicia en 1992, adscrita ao Grupo D de clasificación funcional, no ano 2000 creouse a escala de Axentes facultativos medioambientais, Grupo C, actualmente declarada “a extinguir” nos termos establecidos pola Lei 2/2015, do 29 de abril, do emprego público de Galicia con motivo da creación da nova escala de Axentes técnicos en xestión ambiental, grupo B.

Actualmente os axentes están adscritos a dúas Consellerías (cuestión que debería ser tamén obxecto de análise de eficacia organizativa), estando 350 efectivos asignados á do Medio Rural e 150 á de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

Todo este colectivo ten paralizadas dende o mes de decembro de 2017 as negociacións coa Xunta de Galicia sobre un acordo que regule as súas condicións de traballo, toda vez que o acordo asinado en 2004 leva varios anos caducado. As negociacións iniciáranse xusto tras a vaga de lumes de outubro de 2017, quedando suspendidas unilateralmente pola Dirección xeral de Función Pública.



Grupo Parlamentario

As propias Consellerías de Facenda, de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio e do Medio Rural asinaron coas organizacións sindicais en setembro de 2016 un compromiso para desenvolver un novo regulamento de funcións da escala. Tamén o acordo no que ademais interviña a Consellería de Educación para iniciar a nova formación requirida polo novo subgrupo de pertenza na nova escala creada en 2015 non se ten cumprido.

Partido dos
Socialistas
de Galicia

Os compromisos de efectiva creación dos postos necesarios para investigación de incendios forestais en cada distrito é un incumprimento máis fronte aos recorrentes anuncios mediáticos do Goberno autonómico.

Estes incumprimentos deixan patente a falla de compromiso real por parte do Goberno galego coas condicións de traballo e funcións dos axentes forestais e medioambientais, encontrándonos xa practicamente na campaña de prevención e extinción de incendios forestais deste verán.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia presenta a seguinte proposición non de lei:

O Parlamento de Galicia insta o Goberno galego a:

1º) Retomar, coa maior urxencia, as negociacións coas organizacións sindicais, para dar cumprimento aos acordos asumidos pola propia Xunta de Galicia en materia de condicións de traballo e funcións dos axentes forestais e medioambientais.

2º) Revisar, actualizar e dotar nas correspondentes relacións de postos de traballo os efectivos necesarios en cada Distrito forestal para investigación de incendios forestais.

Pazo do Parlamento, 29 de maio de 2018



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 29/05/2018 16:58
Nº Rexistro: 31576
Data envío: 29/05/2018 16:58:57.682



 [Grupo Parlamentario](#)

Asinado dixitalmente por:

Juan Manuel Díaz Villoslada na data 29/05/2018 16:49:21

Patricia Vilán Lorenzo na data 29/05/2018 16:49:33

Partido dos
Socialistas
de Galicia

José Antonio Quiroga Díaz na data 29/05/2018 16:49:40

Jóse Manuel Pérez Seco na data 29/05/2018 16:49:49

Xoaquín María Fernández Leiceaga na data 29/05/2018 16:49:59

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.2 32303(10/PNC-002631)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 5 máis

Sobre o cumprimento polo Goberno galego do compromiso
adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas
de atletismo de Balaídos

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32303
Data envío: 12/06/2018 13:11:17.190

Á Mesa do Parlamento

O **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, a iniciativa das deputadas e deputados **Luis Bará Torres, Montserrat Prado Cores, Ana Pontón Mondelo, Xosé Luis Rivas Cruz, Olalla Rodil Fernández e Noa Presas Bergantiños**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei para o seu debate en Comisión**, relativa á remodelación das pistas de atletismo de Balaídos en Vigo.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A necesidade de reformar as pistas de atletismo de Balaídos foi asumida por acordos entre distintas administracións fai moitos anos. O primeiro acordo vén do ano 2008 coa sinatura dun protocolo entre a Xunta de Galiza e o Concello de Vigo para un proceso de reforma integral, compromiso que foi mantido pola Xunta co cambio de goberno no ano 2009.

Con todo houbo que agardar ata o ano 2014 para que desde a Xunta se asumise a remodelación das pistas a cambio de ficar fóra da remodelación do Estadio de fútbol. En 2016 o daquela secretario xeral para o Deporte, José Ramón Lete, anunciou que a Xunta aportaría 2,3 millóns de euros para este proxecto namentres que o concello de Vigo aportaría 500.000 euros, contando con iniciar o proceso a finais de 2017 a pesares da anulación do PXOM. O certo é que a día de hoxe o proxecto segue estancado e os e as deportistas seguen a denunciar o deterioro das instalacións e as dificultades que teñen para adestrarse.

As instalacións deportivas de atletismo están baixo mínimos, e para nada están a altura dunha cidade que presume de apoio ao deporte, mais ben todo o contrario. Algúns



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32303

Data envío: 12/06/2018 13:11:17.190

exemplos do seu deterioro son os seguintes: a situación de abandono en que se atopan o ximnasio, vestiarios, almacéns e baños así como as gradas que son vellas e con filtracións de humidades e gretas. Ademais non existe módulo cuberto para poder adestrar os días de chuvia, todo isto sumado ao estado de deterioro do conxunto do anel atlético que dá verdadeira pena (tanto das pistas como do tartán). A isto hai que sumarlle unha pésima xestión municipal, tanto na falla de mantemento e de limpeza das instalacións como na redución nos horarios para o uso das pistas que afecta especialmente ás persoas que preparan oposicións con proba física.

As persoas que practican atletismo nestas instalacións deportivas non teñen a culpa das leas políticas PP-PSOE que levan a falla de entendemento entre Xunta e Concello de Vigo tanto nesta como noutras cuestións. Polo tanto, desde o BNG exiximos, unha vez máis, a reforma das pistas de atletismo de Balaídos de forma inmediata, pois xa existe unha partida para o financiamento de dito proxecto, ademais de planos do mesmo.

Son moitas as persoas que adestran diariamente en Balaídos, deportistas do presente e de futuro para o atletismo galego, ás que tanto Xunta como concello de Vigo deberían ter en conta e facilitarlle a súa preparación para seguir poñendo o mais alto posible o listón deportivo da cidade e procurar que non teñan que desprazarse incluso a localidades de Portugal para comprobar o seu rendemento.

Polo anteriormente exposto, o Grupo Parlamentar do BNG presenta a seguinte proposición non de lei para o seu debate en comisión:

“O Parlamento de Galiza insta ao Goberno galego a:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32303

Data envío: 12/06/2018 13:11:17.190

Dar cumprimento inmediato do compromiso adquirido co Concello de Vigo para a remodelación das pistas de atletismo de Balaídos que contempla as seguintes actuacións:

- Arranxo do baixo grada, novo ximnasio e vestiarios.
- Torre de control e oficinas administrativas.
- Construción dun módulo cuberto.
- Reforma integral do anel atlético.”

Santiago de Compostela, 12 de xuño de 2018

Asdo.: **Luis Bará Torres**

Montserrat Prado Cores

Noa Presas Bergantiños

Olalla Rodil Fernández

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Ana Pontón Mondelo

Portavoz do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:



BLOQUE
NACIONALISTA
GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 12/06/2018 13:11
Nº Rexistro: 32303
Data envío: 12/06/2018 13:11:17.190

Xosé Luis Bará Torres na data 12/06/2018 13:08:35

María Montserrat Prado Cores na data 12/06/2018 13:08:50

Xose Luis Rivas Cruz na data 12/06/2018 13:08:54

Olalla Rodil Fernández na data 12/06/2018 13:08:55

Noa Presas Bergantiños na data 12/06/2018 13:08:57

Ana Pontón Mondelo na data 12/06/2018 13:09:03

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.3 32347(10/PNC-002636)

Grupo Parlamentario de En Marea

Villares Naveira, Luis e 2 máis

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego para a reclasificación da categoría profesional de tradutor/traductora intérprete da Administración de xustiza do grupo III, categoría 52, e a súa inclusión dentro do grupo I

Publicación da iniciativa, 323, 20.06.2018



Á MESA DO PARLAMENTO

O Grupo Parlamentario de En Marea, a través dos seus deputados **Luís Villares Naveira, Paula Vázquez Verao e Carme Santos Queiruga**, ao abeiro do disposto no artigo 160 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Proposición non de lei** para o seu debate na **Comisión 1.^a**, sobre a reclasificación da categoría de tradutor/a intérprete de Xustiza para o grupo I.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

En Galicia existen sete Equipos Lingüísticos que dan servizo aos diferentes órganos xudiciais das catro provincias, dependentes da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

As súas funcións son a tradución de documentación entre as dúas linguas cooficiais, a interpretación xudicial e a revisión e o asesoramento lingüísticos, e están situados no Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, na Dirección Xeral de Xustiza en Santiago de Compostela, no Decanato dos Xulgados de Santiago e Vigo e nas Audiencias Provinciais de Pontevedra, Lugo e Ourense.

Nos Equipos Lingüísticos traballan cinco lingüistas e once tradutores, todos persoal laboral fixo. Así, os equipos do TSXG, Audiencias Provinciais e Dirección Xeral están formados por persoal de dúas categorías profesionais diferentes:

- Titulados superiores lingüistas (persoal laboral, grupo I, categoría 40).
- Tradutores intérpretes (persoal laboral, grupo III, categoría 52, na actualidade categoría “a funcionarizar”).



Os Equipos Lingüísticos dos Decanatos, pola contra, son unipersoais e a figura que os conforma é unha tradutora intérprete.

A clasificación das prazas de tradutor/a intérprete de Xustiza nun grupo III implica que para ser ocupadas só se require a titulación de bacharelato superior ou equivalente, mais estes estudos son insuficientes e amplamente superados polo nivel técnico do traballo realizado, consistente en traducir todo tipo de documentación administrativa e xudicial (incluídas as resolucións: sentenzas, autos e decretos) e facelo con garantías.

A idea desta insuficiencia vén avalada por varios feitos:

1. Dependentes da mesma consellería que os tradutores de Xustiza existen outras 8 prazas de tradutor con funcións equiparables ás dos primeiros. Estes tradutores, en cambio, non son persoal laboral do grupo III, senón funcionarios grupo A1, nivel 25, segundo a RPT de Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.
2. Nas convocatorias para habilitar tradutores e intérpretes xurados, a Xunta de Galicia esixe, como mínimo, o título de diplomatura, enxeñería técnica, arquitectura técnica ou equivalente, de conformidade co artigo 3.2 do Decreto 267/2002, polo que se regula a habilitación profesional para a tradución e a interpretación xurada doutras linguas para o galego e viceversa.

O artigo 1 dese decreto establece o carácter oficial das traducións e interpretacións das persoas habilitadas, o mesmo carácter oficial que posúen os documentos traducidos polos tradutores de Xustiza, e o artigo 7 recolle a habilitación directa daquelas persoas licenciadas en Tradución e Interpretación con requisito de 24 créditos de materias de tradución especializada doutras linguas ao galego e que deles 12 sexan textos xurídicos e económicos, co cal nos atopamos co absurdo paradoxo da existencia de



estudos universitarios de Tradución e Interpretación e a incoherencia que supón que a Xunta manteña prazas de tradutores cun nivel de bacharelato (que vén sendo como ter prazas de arquitecto ou de biólogo nun grupo III).

Porén, un ano despois de promulgar o Decreto 267/2002 polo que se requiren estudos superiores para a habilitación de tradutor xurado e intérprete xurado doutras linguas para o galego e viceversa, convócase o proceso selectivo para acceder á categoría de tradutor intérprete da Administración de Xustiza e establécese unha titulación mínima de bacharelato (DOG núm. 252, do 30 de decembro de 2003).

Como consecuencia, considérase que nestas prazas que van ter como función básica a de traducir documentación xudicial entre o galego e o castelán os coñecementos de galego non son un requisito, senón un inxustificable simple mérito, tal e como pode verse na RPT (méritos: coñecementos de galego e de informática).

3. A Xunta non ten prazas de tradutores en combinacións de linguas distintas do galego e o castelán para cubrir as necesidades da Administración de Xustiza en Galicia, senón que recorre á licitación destes servizos. Nos anuncios de licitación pídese que as empresas aspirantes garantan que o seu persoal estea composto por tradutores e intérpretes xurados, polo que estamos de novo ante un nivel de esixencia diferente do fixado para os tradutores de Xustiza.

Así pois, para exercer como tradutor/a ou intérprete xurado requírese titulación superior e ás empresas de tradución contratadas esíxenlles tradutores xurados con titulación superior, e mentres os outros oito tradutores da Consellería da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza son persoal funcionario encadrado no grupo A, o persoal laboral tradutor intérprete de Xustiza permanece



desde hai quince anos nun grupo III, sen ter en conta a inadecuación para o posto dun nivel de estudos de bacharelato e cos coñecementos de galego, imprescindibles para o seu labor, convertidos nun mérito en lugar dun requisito. O agravio comparativo máis evidente dáse entre a situación laboral dos tradutores intérpretes da Administración de Xustiza (persoal laboral, grupo III, categoría 52) e a dos tradutores funcionarios dependentes da mesma Consellería (grupo A1, nivel 25), para os que si se reconece o status do que os tradutores gozan noutros ámbitos.

Por todo o exposto, o Grupo Parlamentario de En Marea presenta a seguinte Proposición non de lei para o seu debate na Comisión 1.ª:

O Parlamento insta a Xunta de Galicia a modificar e equiparar as condicións laborais e retributivas e a categoría profesional dos/ das tradutores/as intérpretes da Administración de Xustiza do grupo III, categoría 52, reclasificando as súas prazas no grupo I, na categoría que corresponda, por realizaren as mesmas funcións (tradución entre o galego e o castelán de todo tipo de documentación xudicial e administrativa) que os funcionarios tradutores clasificados como grupo A1 na RPT da mesma Consellería de Presidencia, Administración Públicas e Xustiza.

Santiago de Compostela, 13 de xuño de 2018.

Asdo.: Luís Villares Naveira

Paula Vázquez Verao

Carmen Santos Queiruga

Deputadas do G.P. de En Marea

Voceiro do G.P. de En Marea.



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 13/06/2018 12:10
Nº Rexistro: 32347
Data envío: 13/06/2018 12:10:44.148

Asinado dixitalmente por:

Luis Villares Naveira na data 13/06/2018 12:07:21

Paula Vázquez Verao na data 13/06/2018 12:07:28

Carmen Santos Queiruga na data 13/06/2018 12:07:33

Reunión da Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral,
Xustiza e Interior

Día: 05.09.2018 Hora: 10:30

Orde do día

2.4 32913(10/PNC-002692)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 7 máis

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da realización das modificacións necesarias na lexislación estatal para garantir a corresponsabilidade parental e as relacións familiares dos fillos con ambos proxenitores nos casos de cesamento da convivencia

Publicación da iniciativa, 331, 04.07.2018



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 28/06/2018 12:51:55.861

Á Mesa do Parlamento

O Grupo Parlamentario Popular de Galicia a través do seu **Portavoz** e por iniciativa das deputadas e deputados, **Paula Prado del Río, Marián García Míguez, Isabel Novo Fariña, César Fernández Gil, Aurelio Núñez Centeno, Alberto Pazos Couñago, María Julia Rodríguez Barreira e Jacobo Moreira Ferro**, ao abeiro do disposto no artigo 160 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **proposición non de lei para o seu debate Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Exposición de motivos

O pasado 17 de outubro de 2017 debatemos no Pleno do Parlamento de Galicia unha iniciativa legislativa popular que contaba con 14.468 sinaturas de galegos e galegas que pedían á Cámara galega unha regulación da corresponsabilidade parental e de relacións familiares no cese da convivencia.

É unha realidade que o modelo de familia mudou, hoxe a sociedade non só se organiza no modelo tradicional que todos coñecemos senón que hai familias monoparentais, relacións de parella casadas ou non, heterosexuais ou homosexuais. E, sexa cal sexa o modelo de familia, temos que garantir o respecto ás liberdades individuais e á autonomía organizativa.

E neste contexto temos tamén que garantir os dereitos dos fillos e fillas cando se produce unha separación dos seus proxenitores e ser capaces de aillar os problemas xurdidos na relación de parella e que estes non afecten ao dereito dos fillos e fillas a

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 28/06/2018 12:51:55.861

relacionarse co seu pai e coa súa nai; tal e como determina a Convención Internacional sobre os Dereitos do Neno no seu artigo 9 garantindo o dereito do neno a manter contacto directo con ambos proxenitores en caso de separación.

Hai un sentir nunha parte importante da sociedade que considera que actualmente, na maioría dos casos de separación cando xorden conflitos entorno á garda e custodia, o proxenitor non custodio só ten na práctica o dereito de “visitas” e en relación á división do período de tempo que fillos e fillas teñen estipulado para estar na compañía do pai ou da nai estes deberían producirse en igualdade de dereitos para homes e mulleres.

O Grupo Parlamentario Popular recolle este sentir e coincidimos, a grandes rasgos, no texto lexislativo que foi rexistrado na Cámara pero naquel debate xa expuxemos a nosas dúbidas sobre a súa constitucionalidade, xa que a regulación das relacións paterno-filiais son competencia do Estado.

Aínda que tivemos en conta que Valencia, Cataluña, Aragón, País Vasco e Navarra aprobaron cunha lei específica de custodia compartida; e por iso solicitamos previamente un informe á Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego, a fin de que se pronunciara sobre esta cuestión.

Unha vez recibido na Cámara o informe emitido pola Comisión Superior para o estudo do desenvolvemento do Dereito civil galego, que ditaminou que a materia non tiña o encaixe requirido pola doutrina do Tribunal Constitucional na interpretación do artigo 149.1.8ª da Constitución Española, que esixe para o desenvolvemento do dereito civil, foral ou especial polas Comunidades autónomas, unha *conexión suficiente* con outras previas institucións ou coa regulación previa do Dereito civil, neste caso, de Galicia; polo que considerando que Galicia non é competente para regular esta materia, e en aras da responsabilidade, todos os grupos da Cámara galega, consideramos oportuno

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdeg Galicia.com



GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA



PARLAMENTO DE GALICIA
REGISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 28/06/2018 12:51:55.861

non seguir adiante cunha lexislación que de seguro sería recorrida polo Estado e provocar unhas consecuencias indesexables nas familias que puideran terse amparado na norma e por iso optamos por non continuar co texto lexislativo que se atopa en tramitación parlamentaria e instar ao goberno de España, que é o competente para lexislar a materia, a fin de que efectúe as modificacións pertinentes na lexislación civil para garantir a corresponsabilidade parental e as relacións familiares con ambos proxenitores nos supostos do cese da convivencia.

Falamos de dereitos dos nenos e nenas a relacionarse con ambos proxenitores, pero tamén entendemos que a conciliación e a corresponsabilidade son aspectos cruciais para a igualdade, e por iso consideramos necesario favorecer a coparentalidade e que ambos proxenitores se ocupen do coidado e educación dos seus fillos e fillas, e desbotar o rol feminino de coidado. Non podemos perpetuar no tempo o estereotipo de que a crianza e coidado dos fillos é unha cuestión que lle pertence maioritariamente, ou mesmo en algún caso semella que en exclusiva, ás mulleres, ás nais.

Polo exposto, o Grupo Parlamentario Popular, presenta a seguinte proposición non de lei en Comisión:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dirixirse ao Goberno de España para que modifique a lexislación estatal na materia a fin de que se garanta a corresponsabilidade parental e as relacións familiares con ambos proxenitores no cese da convivencia”.

Santiago de Compostela, 28 de xuño de 2018

Asinado dixitalmente por:

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com



**GRUPO PARLAMENTARIO
POPULAR DE GALICIA**



**PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 28/06/2018 12:51
Nº Rexistro: 32913
Data envío: 28/06/2018 12:51:55.861**

Pedro Puy Fraga na data 28/06/2018 12:47:36

Paula Prado Del Río na data 28/06/2018 12:47:48

María Ángeles Garcia Míguez na data 28/06/2018 12:47:58

María Isabel Novo Fariña na data 28/06/2018 12:48:06

César Manuel Fernández Gil na data 28/06/2018 12:48:13

Aurelio Alfonso Núñez Centeno na data 28/06/2018 12:48:16

Alberto Pazos Couñago na data 28/06/2018 12:48:25

María Julia Rodriguez Barreira na data 28/06/2018 12:48:34

Jacobo Moreira Ferro na data 28/06/2018 12:48:58

Pazo do Parlamento - Rúa do Hórreo, 63
15701 Santiago de Compostela
T. 981 551 510 F. 981 551 422
gp-pp@parlamentodegalicia.es
www.ppdegalicia.com